



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
www.sada.gal

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN (1) POSTO DE XEFE PARA A FORMACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIOS

1ª.- Obxecto da convocatoria.

A provisión polo procedemento de oposición, en quenda libre, con carácter urgente, dun (1) posto de Xefe para a formación dunha Brigada de prevención e extinción de incendios forestais que prestará servizo no Concello de Sada, en réxime de contratación laboral temporal. Ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Sada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

A persoa contratada prestará os seus servizos no termo municipal do Concello de Sada, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable participara nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal, consonte ao establecido na cláusula 8ª do Convenio de Colaboración.

2ª.- Modalidade de contratación:

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo determinado, consonte ao artigo 2 do Real Decreto 2720/1988, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duración determinada.

A duración do contrato será de 3 meses dende a data da súa formalización.

As retribucións serán de mil trescentos doce euros (1312,00 €) brutos mensuais más pagas extraordinarias semestrais polo mesmo importe, na contía que corresponda dada a duración do contrato.

A xornada de traballo será a tempo completo que se realizará de luns a domingo cos descansos establecidos na lei. Con plena disponibilidade e realización das quendas de noite que sexan necesarias.

As funcións a realizar son: Coordinar e dirixir á brigada ao seu cargo para a realización das funcións establecidas no Convenio de Colaboración consonte ao cal realizase esta convocatoria, que con carácter xeral son: Realizar traballos de vixilancia e defensa contra incendios forestais e labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Así como establecer as relacións operativas e de comunicación do persoal do Distrito Forestal ao que pertence o Concello , baixo a supervisión do responsable que se designe.

3ª.- Requisitos:

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP)
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, técnico superior en xestión e organización en recursos naturais e paixasísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B
- g) Compromiso de realización o curso de formación básica sobre incendios forestais que organizará o Concello.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

4ª.- Presentación de instancias:

Modelo de instancia: As persoas aspirantes teñen a súa disposición un modelo de instancia de participación en probas selectivas do Concello de Sada, que poderán solicitar persoalmente,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
www.sada.gal

telefónicamente ou descargalo da seguinte ligazón de internet: <https://www.sada.gal/archivos/a-un-click/impresos>

4.1.-As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ao señor Alcalde e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de CATRO días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello (www.sada.gal).

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, ao correo electrónico persoal@sada.gal, indicando como asunto: PS 20/2019-outros rexistros/correos. Neste suposto enviarase copia escanada da solicitude rexistrada.

4.2.-As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 3^a, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Xustificante de pago das taxas de participación (base 5^a)
- Fotocopia do DNI ou documento identificativo en vigor

4.3.-Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguaas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

4.4.-Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5^a.- Taxas de participación:

As taxas de participación do proceso selectivo son de vinte euros (20,00€), consonte á Ordenanza fiscal núm.6, que se ingresarán -indicando como concepto: Taxas PS-20/2019 e o DNI do aspirante- nunha das seguintes contas do Concello de Sada:

ABANCA ES24/2080/5161/8731/1000/5369

BANCO PASTOR ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Serán devoltos únicamente no caso de que o/a aspirante non sexa admitido ao proceso selectivo, é dicir si resulta excluído definitivamente.

A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e no poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

6^a.- Admisión de persoas aspirantes:

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e na páxina web municipal (www.sada.gal), declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 2 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución para emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

2.- Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal (www.sada.gal).

7^a.- Tribunal cualificador.

O Tribunal estará formado por un presidente, secretario e 3 vogais, designándose un suplente para cada un dos integrantes.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido no artigo 60 do EBEP. Todos os vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praça.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.



Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
www.sada.gal

CONCELLO DE SADA

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbihdas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O tribunal poderá disponer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección. O nomeamento dos asesores/as especialistas realizarase por resolución da Alcaldía.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría 2ª das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal fixará tamén a data e más a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente pola letra do primeiro apellido empece pola letra "Q", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia do 24 de xaneiro de 2019, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado na mesma data (DOG núm.25, 5-2-19), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apellido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolle aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

Fase de oposición: (Ata un máximo de 10 puntos) A oposición constará de dous (2) exercicios, de carácter obligatorio e eliminatorio, consistentes en superar as seguintes probas de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar e o coñecemento técnico en materia de incendios, emerxencias, termo municipal de Sada, que se realizarán en lugar e data a determinar, que será comunicado no momento da convocatoria.

1º exercicio : De carácter obligatorio e eliminatorio. Consistente na realización da seguinte proba física de esforzo, co obxecto de comprobar se a persoa aspirante ten unha condición axeitada de saúde e aptitude física. A súa cualificación será apto/non apto e só se permite un intento.

Carreira de 1500 m. : Realizarase nunha pista deportiva, a persoa aspirante percorrerá a distancia de 1500 m. o máis rápido que poida, tomándose o tempo a súa chegada, Consideraranse aptas as persoas que percorran a distancia nun tempo menor ou igual aos establecidos no seguinte cadro:

Homes	9'00
Mulleres	9'45

2º exercicio : (valorable ata 10 puntos) de carácter obligatorio e eliminatorio, consistente na realización dun cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas sobre cuestións xerais relativas a incendios, medidas e medios de prevención no eido forestal, primeiros auxilios, emerxencias e coñecemento do termo municipal de Sada. Sendo necesario acadar a puntuación de 5 puntos para a súa superación. Cada pregunta correcta puntuará 0,25 puntos. Cada pregunta errónea desconta 0,08 puntos.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
www.sada.gal

Cualificación definitiva.- A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da oposición. Ata un máximo de 10 puntos. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da persoa que obtivese o mellor tempo no 1º exercicio, e de persistir o empate, atenderase ao maior tempo en situación de desemprego que se acreitará polo medio que estableza o Tribunal.

9ª.- Resultados da selección.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación na páxina web municipal: www.sada.gal no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta do candidato para a formalización do contrato, a favor da persoa aspirante posuidora da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión. Sen poder superar o número de aspirantes propostos o número de prazas convocadas.

10ª.- Listaxe de reserva.

Na acta da última sesión, incluirase unha listaxe dos/as aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación, a efectos de nos casos de renuncia ou impedimento para ser contratado da persoa seleccionada, ser chamado para cubrir o posto a seguinte persoa das que aprobaran todas as probas, por orde da puntuación obtida neste proceso.

11ª.- Presentación de documentos e formalización do contrato.

No prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección, a persoa seleccionada deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os documentos que acreden que cumplen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria. Entre eles - Certificado médico en vigor en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que: "o interesado/a reúne as condicións precisas para realizar as funcións establecidas na convocatoria dun (1) xefe da Brigada de Incendios do Concello de Sada para o ano 2019"

Noutro caso, salvo caso de fuerza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada. Ata a formalización do contrato, a persoa seleccionada non terán dereito a percepción económica ningunha. A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación da resolución de contratación.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

12ª.- Realización dun curso teórico-práctico sobre prevención e defensa contra incendios.

Unha vez formalizado o contrato coa persoa seleccionada. Esta, deberá realizar un curso teórico-práctico sobre prevención e defensa contra incendios. A súa realización é obligatoria, aínda que a persoa contratada xa o recibise en anos anteriores

13ª.- Normas finais.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto 364/1995 e demás lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello ou a páxina web municipal www.sada.gal

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

Dilixencia.- Estas bases foron aprobadas por resolución da Alcaldía núm. 1302/2019, do 10 de xullo.
Asdo. dixitalmente polo Secretario Xeral :: Emilio Seijo Frías